

XORNADA

En torno a un feito histórico. O retorno de Castelao a Galicia, 28 de xuño de 1984

Venres 28 de xuño

De 16:30 a 20:30 h

Zona acristalada da primeira planta. Edificio Castelao

Organiza: Museo de Pontevedra

Liña de investigación: Castelao

A "Xornada en torno a un feito histórico. O retorno de Castelao a Galicia, 28 de xuño de 1984" aborda a reconstrución histórica dun acontecemento que xerou emocións e diverxencias hai corenta anos e que, nesta ocasión, é analizado por protagonistas directos que o viviron en primeira liña. Intervencións, con distintas lecturas, que se realizan desde o xornalismo, o achegamento a familia de Castelao e por medio de especialistas na Historia Contemporánea de Galicia.

Participan: Ángeles Tilve Jar, Xosé Enrique Acuña, Xan Carballa, Tareixa Navaza, Javier Baltar e Henrique Monteagudo.

PROGRAMA

16:30 – 16:45 Presentación da xornada e dos participantes

Ángeles Tilve Jar, *directora do Museo de Pontevedra*

16:45 – 18:15 Mesa redonda: Un retorno conflictivo desde o xornalismo, a televisión e a fotografía

Xosé Enrique Acuña, *editor, comisario de exposicións e autor dunha fotobiografía sobre Castelao*

Xan Carballa, *xornalista e fotógrafo*

Tareixa Navaza, *xornalista*

NOTA BIOGRÁFICA: Xosé Enrique Acuña: Xosé Enrique Acuña é editor, comisario de exposicións e autor dunha fotobiografía sobre Castelao. É responsable de distintas obras relacionadas coa fotografía, o cine e mais a memoria contemporánea de Galicia. Publicou, igualmente, a novela "O café do idioma", e en diferentes épocas foi coordinador de exposicións do Museo de Pontevedra e director literario de Edicións A Nosa Terra.

NOTA BIOGRÁFICA: Xan Carballa: Xan Carballa (Vigo, 1960) traballou en A Nosa Terra os trinta e tres anos que durou a etapa contemporánea desta publicación histórica do galeguismo (1977-2010). Os primeiros cinco como colaborador gráfico e os demais como fotógrafo, xornalista e subdirector na última época. Entre 2007 e 2009 colaborou na edición galega de El País e foi tertuliano do programa da TVG Hai debate, entre o 2005 ao 2009 e na Radio Galega (2022). Escribiu unha biografía de Valentín Paz Andrade e un libro-entrevista co historiador Francisco Carballo en colaboración con Santiago Prol). Actualmente colabora habitualmente con entrevistas e reportaxe en Nós Diario e no seu suplemento Sermos, e tamén na revista Luzes.

NOTA BIOGRÁFICA: Tareixa Navaza: Tareixa Navaza (Santiago de Compostela, 1947) principiou o seu labor profesional en Radio Galicia, SER, en Santiago, en outono de 1965. Ali estivo ata os anos oitenta. En 1973 principiou a súa andaina no Centro territorial de TVE de Galicia con Luis Mariñas como Director. Despois retransmisión da chegada dos restos de Castelao e a súa implicación no tema da reconversión naval en Ferrol e Vigo non puido continuar levando a cabo o seu traballo do mesmo xeito e en 2005 prexubilouse. Formou parte do Consello da CRTVG e colaborou con xornais, radios e revistas como La Voz de Galicia ou Andaina, revista galega de pensamento feminista.

18:15 – 18:30 Descanso

18:30 – 19:00 Un día histórico ao lado de Tereixa Castelao

Javier Baltar, *Catedrático de Economía Política da Facultade de Dereito da Universidad Complutense de Madrid e valedor do legado de Castelao*

A relación das familias Baltar e Castelao estableceuse hai máis dun século, coa gran amizade entre D. Ángel Baltar Cortés e o pai de Castelao, D. Mariano Rodríguez Dios. Ramón Rey Baltar é tamén un dos colaboradores de Castelao no “Barbero Municipal”, o inicio de Castelao na actividade política. Durante os seus estudos de medicina, Castelao traballou como interno no Hospital Real, con D. Ángel Baltar. Cando chegaron tempos difíciles, a Guerra Civil, o exilio e as incautacións, a familia Baltar segue a ser o principal sustento da familia Castelao en Rianxo, pero tamén hai fortes lazos en Arxentina, con Antonio Baltar Domínguez e Ramón Rey Baltar. Sempre houbo unha gran relación entre as dúas familias, a ambos os dous lados do mar.

Cando o noso conferenciante de hoxe, Javier Baltar, remata os estudos de Dereito, en 1964, seu pai, Ramón Baltar Domínguez, encargouse de axudar ás irmás Castelao, Josefina e Teresa, en todos os seus problemas xurídicos, de propiedade intelectual, sempre respectando os seus dereitos. E dende aquela Javier Baltar ocupouse de todas estas xestións como un deber a cumprir, tanto polo cometido do seu pai como por cariño ás irmás Castelao, ás que sempre consideraron na casa como as súas tías. A vida de Javier Baltar estivo condicionada por este cometido, pois a familia próxima de Castelao extinguiuse e foi a familia Baltar quen asumiu a xestión dos asuntos familiares, entre eles a asistencia, coa Sra. Teresa, aos actos de devolución dos restos de Castelao, dos que Javier Baltar foi testemuña directa. Esta conferencia tratará sobre esta relación.

NOTA BIOGRÁFICA: Javier Baltar Tojo (Santiago, 1940) residiu en Madrid dende finais dos anos sesenta. Procede dunha familia con núcleo en Padrón (Farmacia Baltar, 1816) e delegacións en Santiago ou Pontevedra intimamente relacionada con Rosalía de Castro, Murguía, Castelao e os irmáns Dieste, entre outros persoeiros ilustres. Doutor en Dereito, Javier Baltar cursou estudos de economía en Madrid e Londres (London School of Economics), ademais de seminarios en Harvard e Stanford. É diplomado en Xestión e Administración de Empresas, diplomado en Práctica Xurídica e Catedrático de Economía Política da Facultade de Dereito da Universidad Complutense de Madrid durante cuarenta cursos académicos. Traballa como asesor e consultor de empresas multinacionais nas actividades que desenvolven en España. Durante toda a súa traxectoria profesional como avogado defendeu sempre os intereses, tanto artísticos como familiares, da familia Castelao.

19:00 – 19:30 Castelao disputado, galeguismo dividido

Henrique Monteagudo, *catedrático de Filoloxías galega e portuguesa e director da Cátedra Castelao (USC)*

O retorno dos restos de Castelao foi, como é sabido, contestado de xeito belixerante polo sector maioritario do nacionalismo politicamente organizado. De feito, ese retorno adiantaba un feito que co tempo ninguén discute: a aceptación unánime do artista e político rianxeiro como unha figura central do panteón galego e como pai histórico da autonomía de Galicia. Castelao hoxe é figura consensual, e e probablemente a polémica do seu retorno pode considerarse a derradeira dunha cadea de debates e disputas que remontan aos tempos do exilio na Arxentina, cando el mesmo era unha figura politicamente controvertida e que tiveron continuidade tanto na diáspora galega como na resistencia interior, e mesmo entre sectores daquela e desta. Sobre estes antecedentes versará a conferencia.

NOTA BIOGRÁFICA: Henrique Monteagudo (Muros, 1959) é catedrático de Filoloxías galega e portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela, investigador do Instituto da Lingua Galega e director da Cátedra Castelao creada recentemente na USC. Foi membro do Consello da Cultura Galega e secretario desta institución. Forma parte da Real Academia Galega, foi o seu secretario e actualmente é o seu vicesecretario. É director de Grial. Revista Galega de Cultura. Especialista en sociolingüística e historia da lingua e a cultura galega, exerceu como docente en universidades de Europa e América. É autor de numerosas publicacións en revistas e editoriais de recoñecido prestixio galego e internacional. Con respecto á figura de Castelao, son de salientar a súa obra Castelao: Defensa e ilustración do idioma galego (2000), a biografía Alfonso R. Castelao (2 edicións, 2000), da que recentemente apareceu unha nova edición revista e acrecentada (Alfonso R. Castelao: a forxa dun mito, 2021), e a edición dos seus textos oratorios (De viva voz. Castelao: conferencias e discursos, 1996) e a coordinación das súas obras completas (seis volumes, máis dous de estudos e bibliografía, publicados en 2000).

19:30 – 20:30 Coloquio final

Modera: Xosé Enrique Acuña, *director da Xornada*